

Documentos imprimibles

SECCIÓN 11: Os séculos escuros. A literatura galega no século XIX. Contexto histórico e precursores. Rexurdimento: Rosalía de Castro.

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. Os séculos escuros
 - 1.1. A lingua galega nos séculos escuros
 - 1.2. Vilancico de Nadal
 - 1.3. Poesía anónima tradicional e composicións de circunstancias
 - 1.4. A poesía culta
 - 1.5. Teatro
 - 1.6. O século XVIII
2. Contexto histórico e precursores
3. A lingua galega no Rexurdimento
4. Rexurdimento: Rosalía de Castro
 - 4.1. A súa vida
 - 4.2. A súa obra
 - 4.2.1. Cantares Gallegos: estrutura e temas
 - 4.2.2. Follas Novas: estrutura e núcleos temáticos
 - 4.2.3. Obra galega en prosa
 - 4.3. A súa lingua

1. Os Séculos Escuros

Coñecemos co nome de Séculos Escuros o período abranguido entre os séculos XV e XVIII, que se caracteriza pola case ausencia total de literatura escrita.

Fachadada casa da Parra (1683)
Mostra de arquitectura civil barroca



Adóitase dar como inicio desta etapa a data na que o Mariscal Pedro Pardo de Cella foi decapitado na praza maior de Mondoñedo no ano 1483 e como final o ano 1808, data na que comeza a Guerra de Independencia contra os franceses.

É esta unha etapa na que a lingua perde prestixio entre os falantes que ven como a lingua de poder é o castelán. A nosa lingua desaparece de todas as manifestacións formais. Isto leva a que aparezan os prexuízos lingüísticos nunha poboación que descoñece o anterior esplendor medieval da súa lingua.

Con todo, conservamos algunhas manifestacións literarias de grande interese, non tanto polo seu valor literario, senón polo seu valor lingüístico como mostra da evolución lingüística nestes séculos.

1.1. A lingua galega nos séculos escuros

A ruralización do galego

Ata o século XV o galego foi a lingua de todos os estamentos oficiais, pero decaeu na súa condición como lingua oficial co nacemento do moderno Estado español. Galicia foi colonizada gradualmente por unha oligarquía castelanfalante e o español converteuse na lingua da cultura e da administración, mentres que o galego foi relegado á consideración de lingua oral e rural. Até o século XIX non houbo signos evidentes de recuperación do galego como lingua de cultura.

O galego entre os séculos XV-XVIII

O galego sufriu durante esta época unha longa eclipse. Arredado do mundo administrativo, da vida literaria e da investigación científica, subsistiu como lingua exclusivamente oral.

Esta longa relegación do mundo da cultura fixo que a nosa lingua non participase do movemento Humanista, Renacentista e Barroco. Isto tivo dúas consecuencias: por un lado causou unha forte eiva no campo do léxico, ao non se levar a cabo esa renovación léxica que as linguas románicas efectuaron ao volveren á literatura grecolatina; por outro, provocou que non existisen gramáticas, dicionarios e estudos científicos sobre a lingua.

Durante a época Moderna producíronse no galego os grandes cambios fonéticos e morfosintácticos que configuraron a lingua que hoxe coñecemos. Entre eles destacan os seguintes:

- Aparición do son «ceta», son que vén a substituír o antigo ts (escrito c e ç) e ds (escrito z): alzar (< alçar), nacer (nacer), facer (fazer).
- Aspiración do son «g», que deu lugar á gheada: gato [hato], pagar [pahar], agora [ahora].
- Perda dos correlatos sonoros do «s» e o «x». Os sons medievais -x- xordo (dixe) e -g- e -j- sonoros (agiña e jazer) conflúen nun son xordo, escrito x. Así mesmo, os sons medievais -s- sonoro (cousa) e -ss-, -s- xordo (sabor e assí) conflúen nun só «s» xordo, escrito s.
- Imposición do artigo precedendo ó posesivo: o meu can, a nosa clase.
- Desaparición das formas átonas do posesivo feminino: a miña casa e non *mía (ou ma) casa.

Os estudos lingüísticos durante a Ilustración

As primeiras preocupacións e estudos sobre a nosa lingua apareceron coa Ilustración. Entre os homes ilustrados galegos destaca o padre Sarmiento. Este erudito soubo abordar con sorprendente brillantez a problemática da lingua galega e, ademais, foi un precursor da filoloxía románica, tal como se reflicte nas súas tres grandes obras *Colección de voces y frases gallegas*, *Catálogo de voces y frases gallegas* e *Onomástico etimológico de la lengua gallega*.

Aínda que Sarmiento e outros ilustrados, coma o padre Sobreira, reivindicaban e defendían o estudo e o uso do galego, a lingua que utilizan é o castelán.

1.2. Panxoliña de Nadal

Capela do Cristo da Catedral de Ourense



As Panxoliñas de Nadal son composicións nas que se produce a galeguización do misterio do Nadal identificando, por exemplo, a pobreza do pobo galego coa dos pastores.

Dende o século XVII ao XIX a Panxoliña de Nadal galega difundíuse por toda a Península. Posiblemente contribuíu a isto o feito de naquel tempo seren galegos moitos mestres de capela.

1.3 Poesía anónima tradicional e composicións de circunstancias

Nesta época, sen dúbida, existiron toda unha serie de cantigas anónimas de carácter tradicional e transmisión oral, herdeiras das cantigas medievais, que van ser a orixe da nosa tradición oral. Veñen confirmar isto un pequeno conxunto de cantigas conservadas deste período.

Tamén chegaron até nós unha serie de composicións que fan referencia a diversos acontecementos da época. Entre estes feitos deixou pegada literaria o saqueo de Cangas polos turcos, do que dá conta un relato poético.

Torre de Andrade. Nogueirosa



Tamén a execución do Mariscal Pedro Pardo de Cela, ordenada como vinganza pola súa rebelión contra os reis de Castela, deu pé á creación de todo un ciclo de romances que mitifican esta figura histórica. Un exemplo, PRANTO DA FROUSEIRA: “Agora chora a casa por seu señor, e se queixa dos criados que lle foron tredores”.

1.4. A poesía culta

Da poesía renacentista só conservamos un soneto de Isabel de Castro e

Andrade, Condesa de Altamira, dedicado ao poeta Alonso de Ercilla.

Da poesía barroca xa conservamos máis mostras:

- Un soneto de Gómez Tonel chamado "Soneto con falda" contido na Relación de las Exequias de la Reina Doña Margarita de Austria (1611).
- Un soneto de Vázquez de Neira titulado "Respice Finem" contido na Relación de las Exequias de la Reina Doña Margarita de Austria (1611).
- As Décimas ao apóstolo Santiago compostas por Martín Torrado para criticar o intento de nomear a Santa Teresa copatrona de España.
- Nove romances presentados para participar nas Festas Minervais do ano 1697, contidos no libro *Fiestas Minervales y Aclamación perpetua de las Musas a la inmortal memoria de D. Alonso de Fonseca, El Grande*. Santiago, por Antonio Frayz. Año 1697.

Vexamos un dos sonetos barrocos que conservamos:

RESPICE FINEM

*Morte cruel, esa tredora maña
de roubar de non cato a humana vida
con que ollos a podeche ver comprida
na santa Reina que hoxe perde España?*

*Se aquel rancor que te carcome e laña
che tiña a mao, para matar, erguida,
non deras noutra parte esa ferida
donde non fora a lástima tamaña?*

*Non se torçera aquel fatal costume
i a lei que iguala do morrer na sorte
os altos Reis cos baixos labradores?*

*Terrible, en fin, é teu poder, oh, Morte!,
pois diante de ti Reis e señores
son néboa, sombra, póo, son vento e fume.*

Pedro Vázquez de Neira

1.5. Teatro

Aínda que se pode afirmar que xa existían unha tradición teatral de tradición oral e teatro de carácter litúrxico, a primeira peza dramática que conservamos é o *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* (1671). Esta obra reflicte a discusión entre pescadores das dúas marxes do río sobre a pesca con redes e remata coa súa reconciliación.

1.6. O século XVIII



Dentro dos Séculos Escuros, o século XVIII merece un estudo especial xa que neste período van xurdir unha serie de intelectuais que, rompendo coa despreocupación anterior, se van interesar pola situación

do galego reivindicando a súa consideración como lingua irmá do castelán. Máis que o seu labor literario, a súa principal contribución á historia da nosa literatura vai ser este labor intelectual que axudará, no seu comezo, a subir os chanzos que nos levan a unha literatura normalizada. Merecen especial mención os seguintes personaxes:

O Padre Feijoo (1676-1764).- Dentro da súa abondosa obra reivindica a condición do galego como lingua románica irmá do castelán e mais do portugués.



O Padre Sarmiento (1695-1772).- Home polifacético, lingüista, historiador da literatura, naturalista, etc., sen dúbida pasará á historia por ser o primeiro en reivindicar a utilización do galego no ensino.

O Cura de Fruíme, Diego de Cernadas e Castro (1698-1777).- É autor dunha extensa obra na que se conteñen quince composicións en galego. Foi unha figura pública moi coñecida como defensor de Galicia fronte aos ataques que recibía de fóra.

Lembra que, despois do florecemento literario da lingua galega na Idade Media, se entrou nun longo período de varios séculos no que o galego non tivo tratamento literario, quedando relegado á fala das clases populares. Este estado de cousas comeza a cambiar nos albores do século XIX grazas a unha certa evolución ideolóxica e cultural que vai propiciar que a mediados dese século teña lugar o fenómeno que hoxe coñecemos co nome de Rexurdimento e que ten a súa data central en 1863, ano no que Rosalía de Castro publica o seu libro *Cantares Gallegos*.

O Rexurdimento é o movemento de recuperación da lingua, da cultura e da literatura galegas que se produce ao longo do século XIX.

2. Contexto histórico e precursores

A comezos do século a poboación de Galicia era fundamentalmente rural. A economía galega dependía case exclusivamente da agricultura, sostida por un campesiñado que traballaba terras que non eran súas, senón arrendadas mediante un sistema chamado *foro* que obrigaba a pagarlles aos propietarios unha parte da produción (a renda foral). A miseria propiciaba a emigración, verdadeira sangría da poboación campesiña.

As clases sociais privilexiadas eran a fidalguía e o clero, que apoiaban o absolutismo, ideoloxía reaccionaria que pretendía perpetuar o Antigo Réxime que defendía os seus intereses. Contrarias ao absolutismo eran as ideas liberais que tiñan os seus adeptos na burguesía que en Galicia era maioritariamente comercial; a burguesía industrial que establece as primeiras fábricas procedía na maior parte de fóra de Galicia: cataláns, vascos...

A lingua empregada na fala das clases populares era o galego. Para a escrita

empregábase o castelán, pero esta situación empeza a cambiar por razóns de tipo político. No ano 1808 prodúcese a invasión francesa e a conseguinte Guerra da Independencia (1809-1812), fanse entón os primeiros escritos en galego que teñen como finalidade mobilizar os labregos na loita contra os franceses. Nos anos que seguiron foron aparecendo na prensa textos políticos que recollían a polémica da época entre absolutistas e liberais e que eran escritos en galego para facilitar a súa difusión entre as clases populares.

Por eses anos desenvolvíase en Europa o movemento cultural e literario chamado o Romanticismo, que en Galicia entrou serodiamente, pero que creou un clima favorable entre os intelectuais da época polo estudo da historia dos pobos e das súas peculiaridades, o que favoreceu o desenvolvemento das linguas chamadas “rexionais”.

Tamén o espírito de rebeldía preconizado polo Romanticismo, xunto coas ideas liberais da época, propiciaron o nacemento dun movemento ideolóxico e político que hoxe coñecemos co nome de Provincialismo (1840-1854) e que, partindo do recoñecemento da especificidade de Galicia, ten como obxectivo a súa rexeneración social e económica. Podemos dicir do Provincialismo que foi o precursor do que hoxe coñecemos co nome de “galeguismo”. Estaba formado por intelectuais de clase media-alta que utilizaban a prensa para dar a coñecer as súas ideas. Un acontecemento fundamental deste movemento foi a súa participación no levantamento do xeneral Solís no ano 1846, que supuxo a rebelión de Galicia contra o centralismo. Fracasado este levantamento, once dos seus dirixentes foron fusilados (os chamados “Mártires de Carral”), os provincialistas terán que dispersarse marchando moitos ao exilio, entre eles varios dos considerados precursores do Rexurdimento galego, como Francisco Añón.

No que se refire á Literatura en galego, os escritores relacionados co movemento provincialista forman un grupo ao que se denomina **os precursores** ou **prerrexurdimento**. A poesía era o único xénero cultivado e entre estes poetas destacaron **Juan Manuel Pintos** (1811-1876), autor que fai unha atinada defensa do galego no seu libro *A gaita gallega* (1853), e **Francisco Añón** (1812-1861), que publicou poemas de contido costumista e patriótico.

Manuel Murguía



O labor cultural deste grupo de precursores será recollido por unha xeración posterior de mozos e mozas que se declaran os seus herdeiros e que toman o ano 1846 (Levantamento de Solís) como o seu punto de referencia. Entre estes mozos salientan os nomes de **Manuel Murguía, Eduardo Pondal e Rosalía de Castro**.

No ano 1863 aparece o libro de Rosalía de Castro *Cantares gallegos* e, tradicionalmente, considérase esta data como o inicio do **Rexurdimento pleno**.

A produción literaria incrementábase notablemente a partir do ano 1875 coa aparición de numerosas publicacións periódicas, o que fai que a prensa da

época desempeña un importante papel no Rexurdimento literario. Tamén tiveron repercusión os certames literarios entre os que destacaremos os Xogos Florais de Tui do ano 1891 nos que salientou como orador Manuel Murguía e que supuxo un fito histórico do emprego do galego como lingua pública en usos formais.

A lírica é o xénero literario máis importante do Rexurdimento e os tres grandes poetas da época son **Rosalía de Castro**, **Manuel Curros Enríquez** e **Eduardo Pondal**.

A prosa de ficción foi moito menos cultivada, en parte porque a escasa formación do hábito lector en galego determina a preferencia polas formas líricas, máis breves, que poden aparecer con facilidade nas páxinas dos xornais, en parte tamén pola crenza instalada no seo da sociedade da época de que o galego resultaba unha lingua particularmente idónea para a poesía.

O teatro. Tendo en conta o carácter limitado da produción teatral da época e a baixa calidade das obras, non se pode dicir con propiedade que exista un teatro do Rexurdimento.

3. A lingua galega no Rexurdimento

A manifestación do conflito lingüístico

A mediados do século XIX comezou a manifestarse claramente o conflito lingüístico entre o galego e o Castelán, que vivira totalmente agochado, salvo as denuncias illadas dalgúns ilustrados do século XVIII.

A defensa do galego como elemento que nos define como pobo diferente cultural e lingüisticamente xurdiu como reacción fronte ao proceso de uniformización promovido polo novo Estado liberal. A reivindicación e defensa da lingua foi parella ao proceso de formación dunha conciencia nacional galega e cobrou especial forza na segunda metade do século XIX co movemento rexionalista de Alfredo Brañas, ao mesmo tempo que se restauraba unha literatura autenticamente galega. Son dese momento as obras de Rosalía, Curros e Pondal.

No século XIX a reivindicación do idioma tivo un carácter exclusivamente culturalista. É dicir, empregábase o galego na literatura, pero en cambio non se utilizaba nos documentos persoais e nos actos públicos. Esta contradición tivo a súa xustificación no feito de que daquela resultaba un tanto incómodo empregar unha lingua coma o galego de marcado carácter popular, ignorada pola administración e ridiculizada pola clase dirixente. Esta situación claramente diglósica mudará a nivel cultural a principios do século XX coas Irmandades da Fala.

A normativización lingüística

Descoñecedores da tradición literaria medieval, os escritores do século XIX recorreron ao galego coloquial da súa zona para elaborar as súas obras. A maioría dos textos patriótico-políticos do primeiro terzo do século, as obras dos Precursores e mesmo *Cantares gallegos* de Rosalía están escritos nun galego

dialectal de ortografía vacilante. O aumento na produción literaria na segunda metade do século XIX favoreceu o intercambio de termos dialectais e o enriquecemento da lingua literaria. Con todo, até as Irmandades da Fala non se progresará na creación dunha lingua literaria culta.

O estudo científico do idioma

Na segunda metade do século XIX xurdiu o interese polo estudo da lingua e apareceron as primeiras gramáticas e dicionarios do galego.

En 1863, Francisco Javier Rodríguez publicou o seu *Diccionario Gallego-Castellano*; ao ano seguinte saíu do prelo o *Compendio de Gramática Gallego-Castellana*, do compostelán Francisco Mirás, obra de escasa calidade que foi amplamente superada pola *Gramática Gallega* que en 1868 publicou Juan A. Saco y Arce. Nese mesmo ano apareceu a obra *El Habla Gallega* de Cuveiro Piñol, e oito anos máis tarde o seu *Diccionario Gallego-Castellano*. Finalmente, en 1884, Marcial Valladares Núñez publicou o seu *Diccionario Gallego-Castellano*, un dos dicionarios máis populares.

As gramáticas están redactadas en castelán e os dicionarios dan o significado dos vocábulos nesa mesma lingua.

4. Rexurdimento: Rosalía de Castro

4.1. A súa vida



Naceu en Santiago no ano 1837. Súa nai era unha fidalga, dona Tareixa de Castro, e o seu pai un clérigo, don Xosé Martínez Viojo que non puido lexitimar a súa filla. Os primeiros anos de vida pásalos Rosalía na aldea, ao coidado das súas tías paternas. Máis adiante, no ano 1850, a nai faise cargo dela e van vivir as dúas a Santiago. Nesta cidade Rosalía de Castro frecuenta os ambientes progresistas relacionados co espírito do provincialismo. En 1856 viaxa a Madrid e alí publica a súa primeira obra en castelán, *La Flor*. Nesta cidade coñece ao historiador coruñés Manuel Murguía e casa con el no ano 1858. Deste matrimonio naceron sete fillos, dous dos cales morreron sendo nenos. Acompañando ao seu home en diferentes destinos como Funcionario do Estado, reside en distintos puntos da xeografía española ata que se instalan en Simancas onde Murguía ten o cargo de xefe do Arquivo. É durante estes anos cando Rosalía compón o seu libro *Cantares Gallegos* e moitos dos poemas de *Follas Novas*, ademais da maior parte das súas novelas, todas elas en castelán.




No ano 1871 volve definitivamente a Galicia ao ser nomeado Murguía xefe do Arquivo Xeral de Galicia, e reside na Coruña, Santiago, Lestrove e Padrón. Os últimos anos da súa vida transcorren en Padrón baixo os efectos dunha dolorosa enfermidade. Aquí remata a súa obra poética cos libros *Follas Novas* e *En las orillas del Sar*, este último en castelán. Rosalía de Castro morre en Padrón no ano 1885.

4.2. A súa obra

A obra de Rosalía de Castro, coñecida e admirada internacionalmente, constitúe un dos fitos máis destacados da Literatura Galega de todos os tempos.

4.2.1. Cantares gallegos



A saída á rúa deste poemario, primeiro libro escrito integramente en galego, foi o día 17 de maio de 1863, e esta data é considerada como o inicio do **Rexurdimento pleno** e a consagración do galego como lingua literaria. É por isto que, cen anos despois, o 17 de maio foi instituído como data anual para a celebración do Día das Letras Galegas. Para entender ben este libro é necesario considerar factores como o coñecemento que tiña a autora da música e da fala populares, aprendidas nos seus primeiros anos de estadía na aldea. A súa publicación é froito do clima europeo da época de reivindicación das culturas autóctonas, propiciado polo Romanticismo. O éxito de *Cantares Gallegos* foi grande e inmediato, dentro e fóra de Galicia.

Estrutura

O libro consta de trinta e cinco poemas, cun prólogo e un epílogo que lles presta carácter unitario e circular. No prólogo convídase a cantar á “meníña gaiteira”, e no epílogo esta dá por rematado o seu labor. Nos poemas vanse alternando as voces, aparecendo sucesivos personaxes que conforman un abano da sociedade galega da época. Estes poemas teñen a súa inspiración nas formas da literatura popular tradicional e neles predominan os versos de arte menor (oito sílabas ou menos) e a rima asonante (repetición dos sons vocálicos).

Temática

En canto á temática, os poemas que compoñen este libro podemos agrupalos nos seguintes catro apartados:

1) De tema costumista.

Teñen carácter descritivo e narrativo. Utilizan o humor como recurso e neles faise unha descrición dos costumes, das crenzas, das romarías, etc. A autora aproveita esta temática para facer unha defensa da cultura popular galega. Pertencen a este grupo poemas como “Un repoludo gaiteiro”.

2) De tema amoroso.

Preséntanse como diálogos ou monólogos de namorados.

3) De tema intimista.


Neles a escritora amósase máis intimamente a través das súas lembranzas persoais e das súas vivencias. Son poemas deste grupo “Campanas de Bastabales” e “Como chove miudiño”.

4) De tema político-social.

Nestas composicións atopamos o espírito reivindicativo de Rosalía. Neles exprésase o drama da emigración, a miseria dos campesiños, a soidade da muller, e, en xeral, a marxinação na que vive Galicia. Neste grupo atopamos poemas como “Adiós ríos, adiós fontes”, “Airiños, airiños, aires”, “Castellanos de Castilla”, etc.

4.2.2. Follas Novas

Portada da 1ª edición



Quizais sexa a obra fundamental da lírica rosaliana. Atopamos un universo novo onde se mesturan a paisaxe e a dor. A infelicidade íntima acada aquí unha esplendorosa realización artística (a propia desgraza obxectivizada). Esta infelicidade íntima, mediante un esforzo de lirismo, chega a desbotala fóra de si, personalizándoa en diversas metáforas, por exemplo “a negra sombra” “o fantasma disforme” máis grande có ceo e có mar....etc. Sempre, na paisaxe interna Rosaliana, decorre un río de dor, mentres que na paisaxe externa atopamos o máis nobre folclorismo. Afonda, neste libro, nas vivencias estéticas e pregúntase polo sentido da existencia humana.

Estrutura e Núcleos Temáticos

O libro aparece estruturado en 5 partes:

I.- Vaguedás	Poesía subxectiva (Mundo íntimo)
II.- Do íntimo	
III.- Varia	Participa dos dous criterios
IV.- Da terra	Poesía obxectiva (Mundo comunicativo)
V.- As viúvas dos vivos e as viúvas dos mortos	

Non obstante, os núcleos fundamentais son dous:

A) A poesía subxectiva, lírica, existencial, na que Rosalía expresa os seus sentimentos, e que corresponde ás partes I e II. Este núcleo temático continuarase na súa derradeira obra, En las orillas del Sar.

B) A poesía obxectiva, colectiva, conectada tematicamente coa de

Cantares Gallegos, que corresponde ós apartados IV e V.
A parte III "Varia " vai participar dos dous grupos.

A) A lírica solitaria ou subxectiva:

No primeiro, que fai as veces de prólogo poético e consta de 20 poemas, Rosalía reflexiona sobre a escrita feminina ("Daquelas que cantan...") e sobre os trazos e contidos da súa propia obra ("Follas novas, risa dáme"; "Diredes destes versos, i é verdade", "Ben sei que non hai nada"). Tamén manifesta o seu estado anímico, caracterizado polo desasosiego, o pesimismo, a saudade, a melancolía e a inquietude ("Ando buscando meles e frescura", "A man nerviosa e palpitante o seo") e advirte, finalmente, que os seus versos non poden senón reflectir todos eses estados de ánimo. De feito, no prólogo Rosalía chega a cualificar os seus poemas como "pobres enxendros da miña tristura" e como "cousa dunha morta ben morta".

No segundo libro, con 36 poemas, exterioriza as súas particulares reflexións metafísicas, filosóficas e intimistas sobre a insolidariedade humana, o irremediable paso do tempo, a perda das ilusións e dos soños, o amor e o desamor, o clasismo nos enterros, o contraste entre a natureza fermosa e o espírito humano atormentado, a actitude intransixente da Igrexa católica nalgúns asuntos como o suicidio ou o matrimonio, a lexitimidade da violencia como arma contra a inxustiza, o desexo de morrer ou o suicidio como vía de liberación de tanto sufrimento, etc.

O peculiar tratamento que Rosalía outorga a estas cuestións transcendentais ten servido para falar da nosa autora como precursora das correntes filosóficas existencialistas que floreceron en Europa na segunda metade do século XX (Jean-Paul Sartre, Albert Camus...).

B) A lírica solidaria ou obxectiva:

No primeiro, de só 9 poemas, Rosalía quere deixar clara a súa plena identificación co pobo galego, a comunión total coa súa maneira de ser, cos seus valores, costumes, cultura e idioma. Hai varios poemas en "Da terra" que recordan o estilo e o espírito dos que compoñen *Cantares gallegos*. Topamos así, novamente, personaxes e escenas populares: "Miña casiña, meu lar", "A probiña que está xorda". Tamén hai denuncias sobre a discriminación e explotación da muller ("Xan")...

Finalmente, en "As viúdas dos vivos e as viúdas dos mortos", con 31 poemas, Rosalía céntrase no fenómeno da emigración e nas causas que a provocan (excesivos impostos, atraso económico, abusos dos poderosos, fames...). Vaino facer sobre todo desde a solidariedade, a admiración e a identificación coas mulleres campesiñas galegas do seu tempo, como grupo máis representativo do pobo, condenadas a vivir en soidade, valéndose por si mesmas, criando en solitario os fillos, con dobre xornada de traballo (no campo e máis na casa), etc.

Actuando a xeito de "ponte" entre os dous primeiros apartados e os dous últimos achamos o terceiro libro, "Varia", onde Rosalía expón en 40 poemas a

realidade múltiple e complexa que rodea o "eu" que falou nos apartados anteriores. Destaca entre esta realidade o sufrimento da xente, especialmente o das mulleres, e problemas sociais como a miseria e a emigración. A obra expresa, polo tanto, unha viaxe desde o "eu" ao "nós", da individualidade á colectividade, do intimismo radical á identificación coa colectividade. Pásase ademais do subxectivismo, propio dos dous primeiros libros, a unha maior obxectividade nos dous últimos.

Follas Novas demostrou na práctica a capacidade do idioma galego para abordar e expresar todo tipo de temas, sentimentos e inquietudes existenciais. Por esa razón, entre outras, a súa acollida foi menos entusiasta que a dos *Cantares*, e nalgúns casos francamente hostil. Dalgunha maneira, este inspirado e profundo libro de Rosalía deixaba entrever a posibilidade de que os escritores galegos, cunha literatura de seu na lingua do país, non necesitasen outra lingua para a abordaxe satisfactoria de determinadas temáticas literarias que se tiñan considerado até ese momento patrimonio exclusivo do castelán.

4.2.3. Obra galega en prosa

A súa casa da Matanza en Padrón, hoxe Casa Museo



A obra en prosa de Rosalía de Castro ten unha importancia moito menor que a súa obra poética. Tres son as mostras desta prosa que se conservan: O "Prólogo" de *Cantares Gallegos*, no que dá a coñecer as súas intencións que son as de defender a lingua e atacar aos que se comportan inxustamente con Galicia; "Dúas palabras da autora" en *Follas Novas* que serve de prólogo e xustificación ao libro e, finalmente, o relato *Conto gallego*, que apareceu postumamente, no ano 1923, e que ten carácter popular e costumista.

4.3. A lingua

Cando Rosalía de Castro, como os outros autores do Rexurdimento, escribe as súas obras, o galego carece de tradición literaria culta, temos que lembrar que nesa época nin sequera se coñecía a existencia das cantigas medievais. Non había tampouco ningunha norma que unificase a ortografía, de aí que atopemos nos seus poemas o que hoxe se consideran vulgarismos e castelanismos. A autora baséase na fala popular, particularmente das zonas de Santiago e Padrón e é perfectamente consciente das súas limitacións neste sentido. Vexamos as súas propias palabras:

“Sen gramática nin regras de ningunha clase o lector atopará moitas veces faltas de ortografía, xiros que disoarán ós oídos dun purista; pero ó menos, e para disculpar en algo estes defectos, puxen o maior coidado en reproducilo verdadeiro espírito do noso pobo...”